

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión extraordinaria do Pleno do Concello 18.07.2013	Ref. 05.2013
TRÁMITE	Acta	

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO 18 DE XULLO DE 2013

No Salón de plenos do Concello de Mos, sendo as 09:00 horas do día 18 de xullo de 2013, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión extraordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

#### Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Raquel Monzón Otero  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Alfonso Parada Fernández  
D<sup>a</sup>. Delfina Rodríguez Lorenzo  
D. Tomás García Morgadas  
D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Vila Blanco

#### Secretario

Fernando Torre Comesaña

#### Interventor

Nemesio Lorenzo Pérez

A Sra. Alcaldesa procede á apertura da sesión invitando a plataforma constituída en defensa dos afectados polas participacións preferentes a intervir con carácter previo á celebración do pleno por habelo así solicitado.

Intervén dende o público unha persoa sinalando que asisten pacificamente á sesión e recordando o compromiso asinado con algúns Alcaldes para que se actuase a favor dos afectados polas preferentes, engade que sen embargo nada se fixo e que o silencio é peor que calquera intervención. Apunta que é o primeiro pleno que se celebra dende a sinatura do acordo. E engade que tivo noticia dos sucesos que tiveron lugar con ocasión da apertura do Punto Limpo de Mos. Critica as afirmacións do Conselleiro presente ese día con respecto ós afectados e sinala que si os políticos os apoian o problema terá solución. Manifesta que dous preferentistas foron sancionados con 600 euros pola Subdelegación do Goberno e que parece que o partido popular non apoia realmente aos afectados. Insiste en que houbo un compromiso cos Alcaldes e que non hai intención de rebentar o pleno. Di que mañá celebrase unha sesión plenaria en Pontevedra

sobre as preferentes e desexa que asistan tódolos membros da corporación. Afirma que se roubou ata o 65% do aforro dalgúns afectados e engade que lle gustaría que as críticas aos insultos se fixeran con respecto a todos, tamén aos políticos. Critica a actitude do Presidente da Deputación na data de apertura do Punto limpo de Mos cando retou publicamente aos afectados dicindo na discusión producida que isto o arraxamos entre homes. Afirma que el non lanzou ningún foguete en Mos, e que é un acoso ademais dunha barbaridade sancionar a persoas por estar onde realmente non estiveron.

Intervén outra persoa do público sinalando que o día da apertura do Punto Limpo se sentiu intimidada polo Presidente da Deputación que parecía querer comerse a todos.

Toma a palabra o voceiro do PSdeG.\_PSOE, Sr. Parada Fernández, dicindo que polo que respecta ó seu grupo político estarán na Deputación apoiándoos. Manifesta descoñecer ás circunstancias das sancións administrativas, sinala que o averiguará e que esixirá que se cumpra a lei e se pidan responsabilidades a quen corresponda.

Toma a palabra novamente a persoa do público que interveu en primeiro lugar manifestando que o recurso ás multas costa máis de 300 euros e que en ningún caso se poderá amedentrar aos afectados. Insiste na necesidade de posicionarse a favor ou en contra. Afirma que o comportamento do Sr. Louzán é incorrecto e sinala ser unha pena a ausencia de medios de comunicación no acto de apertura do Punto Limpo para gravar o que pasou, salvo a presenza da TVG a que segundo manifesta non deixaron gravar.

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Aldea Moscoso, para manifestar o seu apoio aos preferentistas. Afirma que el PP ten o poder absoluto e que esta tomando o pelo aos afectados, que pode cambiar as leis e quen non o fai, que é unha política de acoso e derribo. Critica a imposición de multas e engade que mañá o seu grupo non poderá asistir ao Pleno da Deputación por razóns de traballo pero que haberá outros compañeiros do BNG e se hai que aportar algo tamén se fará.

Intervén o primeiro preferentista que falou para dicir que se abrirá un nº de conta que se destinará exclusivamente as multas e que os restos serán doados a unha ONG galega. Lamentase de que lles xulgue solo a eles coa cantidade de delinquentes que hai en España por roubar.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que se lles escoitou e que interveu todo o que quixo intervir, manifestando que procede comezar a celebración do Pleno. Manifesta que non dirá nada mais sobre o ocorrido o día da apertura do punto limpo, aínda, ante a petición de diversos membros do público, manifesta no querer recordar o que ocorreu aquel día porque considera que non ten obriga de aguantar todo o que se lle chamou. Sinala que acudiu na súa condición de Alcaldesa, a igual que o fixeron o Conselleiro e o Presidente da Deputación que asistiron na súa condición de cargos públicos. Desde o público algúns asistentes afirman que ela non foi o obxecto de insulto algún, respondendo a Alcaldesa que se dixeron cousas que non quere repetir. Solicita que se manteña o orden e que procede a comezar o Pleno. Manifesta que xa dixo por escrito todo o que tiña que dicir, que se reuniu en múltiples ocasións cos preferentistas e que asinou todo o que se lle pediu.

#### **1. Aprobación borradores actas sesións anteriores (28 de febreiro, 21 de marzo e 22 de maio de 2013).**

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, as actas referidas, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións a acta do **28 de febreiro de 2013**, e o non producirse somete á votación ordinaria, aprobándose por maioría co voto favorable do grupo municipal do PP (10), do BNG (2) e P.S.O.E.. (4), coa abstención da Sra. Rodríguez Lorenzo por non estar presente nesa sesión.

A continuación a Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións á acta do **21 de marzo de 2013**, e o non producirse somete á votación ordinaria, aprobándose por maioría co voto favorable do grupo municipal do PP (10), do BNG (2) e P.S.O.E.. (4), coa abstención do Sr. Parada Fernández, por non estar presente nesa sesión..

A continuación a Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións á acta do **22 de maio de 2013**, e o non producirse somete á votación ordinaria, aprobándose por maioría co voto favorable do grupo municipal do PP (9) e P.S.O.E.. (4), coa abstención da Sra. Rodríguez Lorenzo e do grupo municipal do B.N.G., Sr. Aldea Moscoso e Sra. Vila Blanco, por non estar presente nesa sesión..

## **2. Recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 02/2013.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 14 de marzo de 2013.

Non habendo intervencións a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 15 membros, P.P. (10) e P.S.deG.-P.S.O.E. (5) e coa abstención do grupo municipal do B.N.G. (2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención Xeral.

**Segundo.-** Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 02/2013, das facturas incluídas na relación núm. 2013-42, por importe total de 19.179,00 €.

## **3. Recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 03/2013.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 19 de abril de 2013.

Abre a quenda de intervencións o Sr. Parada Fernández para preguntar se a empresa Lagomobil S.L. tiña licenza de actividade no ano 2010. Recorda que houbo unha paralización de actividade e que hai facturas de procurador derivadas da súa actuación no recurso presentado pola citada empresa, que concluiu cunha sentenza favorable ao Concello de Mos. Manifesta que aínda que sempre votou a favor dos recoñecementos extraxudiciais para que os acredores puideran cobrar neste caso o seu grupo absterase.

Sinala a concelleira de urbanismo que en todo caso comprobarase se a empresa tiña licenza no 2010.

Non habendo mais intervencións a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría dos 10 membros do grupo municipal do P.P. e coa abstención do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E. (5) e do B.N.G. (2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención Xeral.

**Segundo.-** Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 03/2013, das facturas incluídas na relación núm. 2013-53, por importe total de 115.421,12 €.

#### **4. Recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 04/2013.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 27 de maio de 2013.

Non habendo intervencións a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 15 membros, P.P. (10) e P.S.deG.-P.S.O.E. (5) e coa abstención do grupo municipal do B.N.G. (2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención Xeral.

**Segundo.-** Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 04/2013, das facturas incluídas na relación núm. 2013-67, por importe total de 46.677,98 €, coa incorporación da factura da Asociación de Veciños Nosa Terra por importe de 150 €.

#### **5. Resolucións Alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.

#### **6. Comunicacions de Alcaldía.**

A Sra. Alcaldesa sinala eu o presente punto foi incluído por erro procedendo ao tratamento e debate do punto seguinte

#### **7. Mocións.**

##### **7.1. Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a toma en consideración da sentenza do Tribunal Supremo no contencioso-administrativo referente a licenza de actividade na finca “Os Focos” da parroquia de Louredo.**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 14 de marzo de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS En virtude da Sentencia do Tribunal Supremo. Sala Tercera de lo Contencioso-Administrativo, Sección: Quinta, que di no seu Fallo:

“ 1º No haber lugar y, por tanto, desestimar el Recurso de Casación 3877/2010, interpuesto por la Xunta de Galicia y por Dª Sonia María Gradín Daga contra la sentencia de la Sección Segunda de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de 11 de febrero de 2010 (Recurso contencioso – administrativo 4113/2008), la cual, en consecuencia confirmamos.

2º Condenar a la parte recurrente en las costas del presente recurso de casación en los términos expresados.”

En virtude da sentenza do T.S.X.G. de 11 de febreiro de 2010, que estimou o recurso contencioso –administrativo interposto pola comunidade de montes veciñais en man común da parroquia de Louredo contra a resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de 5 de decembro de 2007, desestimatoria do recurso de alzada formulado contra a Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras

Públicas e Transportes en data 18 de outubro de 2006 pola que se acorda conceder a D<sup>a</sup> Sonia M<sup>a</sup> Gradín Daga, autorización previa a concesión municipal para a plantación de 7 has de viñedo, para vinificación en Louredo, anulando as resolución suñiladas, por entendedas contrarias a Dereito.

E por isto que o Grupo Municipal Socialista solicita a adopción dos seguintes acordos:

1. A denegación e arquivo de solicitude de Licenza presentada por D<sup>a</sup> Sonia M<sup>a</sup> Gradín Daga o 4 de agosto de 2004 para a plantación de 7 has. De viñedo para vinificación na finca denominada “Os Focos”, sita no monte comunal de Louredo.
2. Se de traslado a peticionaria da licenza, ós grupos municipais da Corporación de Mos e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da resolución de este expediente de Licenza.
3. Se de traslado a Comunidade de Montes en man común da parroquia de Louredo e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dos acordos alcanzados por esta Corporación anteriormente expostos.”

Toma a palabra o Sr. Parada manifestando lamentar o sentir da Comunidade de Montes de Louredo, procede a lectura dos acordos que propón e engade que xa se ditou sentenza

Intervén o voceiro do PP, Sr. Soto Abadín, dicindo que o asunto xa esta solucionado e solicitando que as comunidades de montes diríxanse a corporación en xeral.

Responde o Sr. Parada Fernández manifestando que se falou coa comunidade de montes para trasladarlle que se solucionara o expediente. Pero aínda así a comunidade quería un acordo plenario, engade que o seu grupo non espera a que veñan as asociacións senón que é o seu grupo o que busca as comunidades e asociacións para coñecer os seus problemas.

A continuación a Sra. Alcaldesa somete a votación a moción presentada, aprobándose por unanimidade dos 17 membros presentes da Corporación o seguinte ACORDO:

1. A denegación e arquivo de solicitude de Licenza presentada por D<sup>a</sup> Sonia M<sup>a</sup> Gradín Daga o 4 de agosto de 2004 para a plantación de 7 has. De viñedo para vinificación na finca denominada “Os Focos”, sita no monte comunal de Louredo.
2. Se de traslado a peticionaria da licenza, ós grupos municipais da Corporación de Mos e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da resolución de este expediente de Licenza.
3. Se de traslado a Comunidade de Montes en man común da parroquia de Louredo e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dos acordos alcanzados por esta Corporación anteriormente expostos

## **7.2. Moción do grupo municipal do B.N.G a prol do mantemento dos Xulgados de Paz e da gratuidade dos rexistros.**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 15 de maio de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da Lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá “con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia”. Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Cívís, non só se aborda a súa eliminación de xeito parello á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, “se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo”. Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindibles para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1. Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado—relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”

Toma a palabra o Sr. Aldea sinalando que os recortes do PP están dando a volta ao estado de dereito. Sinala as supresións que pretende Gallardon recollidas no escrito da moción e procede á lectura das propostas.

O Sr. Parada Fernández di estar de acordo con plantexamento do BNG, que é unha mostra mais do que esta facendo o PP sen consenso algún sinala que votarán a favor.

Toma a palabra o Sr. Soto Abadín manifestando que aínda que non comparten a forma o seu grupo esta de acordo coas demandas, discrepando en todo da visión de estado manifestada por PSOE e Bloque

A continuación a Sra. Alcaldesa somete a votación a moción presentada, aprobándose por unanimidade dos 17 membros presentes da Corporación o seguinte ACORDO:

1. Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado—relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

### **7.3.Moción do grupo municipal do B.N.G para esixir a retirada da LOMCE polo seu carácter centralizador e desgaleguizador.**

Na comisión informativa de Educación e Participación Cidadá , celebrada o 15 de maio de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.- O de momento *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, que o PP pretende converter en proxecto de lei, significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Este anteproxecto presenta un texto que fundamente centralizador, clasista e sexista, que mercantiliza a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Entres estas eivas, non deixa de ser relevante a falta de diálogo social con que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política.

Para alén doutras consideracións, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español. Fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico atendendo as distintas realidades, a LOMCE elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais. Por outra parte, dentro dun proxecto xerárquico, as materias pasan a clasificarse en diferentes categorías e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe, desta maneira, unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira. Nesta mesma liña, o *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, recollendo o ideario ideolóxico do Partido Popular, esconde baixo a falsidade dunha pretendida liberdade de idioma a posibilidade de non estudar en lingua galega, facilitando, con diñeiro público, a escolarización do alumnado que así o decidir en centros privados.

Levamos tempo asistindo a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores —políticos e mediáticos— que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo na Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Especialmente grave é que iso aconteza no ámbito educativo, pois está demostrado que sen competencia lingüística non pode haber uso lingüístico e, por tanto, o que esta lexislación pode provocar, se aprobar, é a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión dentro do ámbito do ritual e ocasionalmente consentido. Especialmente grave é a perda sistemática de exposición ao galego no ámbito urbano para a etapa infantil, de tal maneira que

moitas nenas e nenos que viven en contornos xa fundamentalmente castelanizados non obteñen as competencias reequilibradoras das desigualdades que o ensino debe garantir. De feito, no último estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, a respecto da presenza da lingua galega nas aulas de ensino infantil das sete cidades galegas, o galego está ausente por completo no 95,04% dos centros. Segundo declaran os 282 centros consultados, a suma daqueles que empregan total ou parcialmente o galego no ensino de nenos e nenas de 3 a 6 anos non supón máis que un 4,96% do total, isto é, 14 colexios en todo o país. A realidade correspóndese, pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión de coñecemento do galego desde as idades máis temperás nun ensino cada vez máis castelanizado. O *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa* reforza aínda moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas fiquen referenciados ao uso do castelán.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. A retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do estado a retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, por invadir as súas competencias.
3. A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español..”

Toma a palabra a Sra. Vila Blanco que expón a moción e lee os acordos.

A continuación o Sr. Parada Fernández propón a inclusión dunha emenda que lee:

“A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e dos obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico. No centro deste debate estará a Comunidade Educativa, Consello escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as comisións de Educación no Congreso e no Senado, os parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación.”

O Sr. Soto Abadín sinala que a Lomce atopase nun avanzado estado de tramitación e que non é lugar nin o tempo para estenderse sobre a cuestión formulada. Afirmar que a lei defende a diversidade lingüística e argumenta a favor da norma sinalada

Non habendo mais debate procedese a votación da inclusión da emenda. Acordase a inclusión co voto a favor do grupo municipal PSdeG.-P.SOE (5) e BNG (2) e coa abstención do grupo municipal do PP.

De seguido procedese a votación da moción coa emenda incluída quedando rexeitada co voto en contra do grupo municipal do PP (10) e o voto favorable dos grupos municipais do PSdeG.-P.SOE (5) e BNG (2) .

#### **7.4. Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao goberno de España sobre o tipo de IVE aplicable a bens e servizos culturais**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 10 de xullo de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:



*“EXPOSICION DE MOTIVOS.* En xullo de 2012 o Goberno do Partido Popular anunciou unha subida xeneralizada do IVE que, ademais, implicaba o cambio de consideración do Imposto sobre o Valor Engadido sobre os bens e servizos culturais con excepción do libro que se mantivo. Así, a partir do 1 de Setembro do 2012, actividades como o cinema, o teatro e as obras plásticas, sufriron un incremento de 13 puntos no IVE, pasando do 8% ao 21%.

Até Setembro de 2012 España estaba na media europea co 10% de IVE. Ao subilo porémonos na franxa máis alta de Europa, precisamente nun país no que a cultura xera preto do 4% do PIB, e no que este sector é estratéxico para a economía española. Esta decisión deixa a España coa maior porcentaxe de IVE da UE, e coloca aos seus cidadáns en clara desvantaxe para acceder á mesma.

Desde un primeiro momento sucedéronse as advertencias que sinalaban claramente que a desorbitada subida do IVE á cultura tería consecuencias moi negativas, non só para a actividade económica do sector senón tamén para as contas públicas.

A resposta do Goberno de España foi airada, pondo en dúbida estas posibles consecuencias, chegando a afirmar que eran previsións tremendistas e faltas de rigor. Oito meses dan unha mellor perspectiva, e os feitos demostraron con contundencia o erro que supuxo tal decisión.

Segundo datos do Ministerio de Facenda, coa subida do IVE da cultura no último trimestre de 2012 tan só recadáronse 4 millóns de euros máis que en 2011, pero a base impositiva e a actividade económica do sector, baixou 328 millóns de euros, un 22%. Máis do dobre do que baixou a base impositiva para todos os produtos e servizos gravados polo IVE.

Máis aínda, segundo un recente informe da Federación de Empresarios de Teatro, a recadación no sector de artes escénicas caeu un 24% nos dous últimos trimestres. Preto de dous millóns oitocentos mil espectadores menos e mil empregados menos. Aínda así a facenda pública ingresou 10 millóns máis de IVE. Pero se sumamos o que o Estado deixou de ingresar en IRPF, en impostos sobre sociedades e o que ha de gastar en desemprego, a perda para as nosas arcas públicas estímase en 18 millóns. En conclusión a facenda pública ha perdido oito millóns de euros.

A outra cara da decisión é que a subida do IVE sobre bens e servizos culturais ao 21% dificulta o acceso á cultura e supón un freo e unha diminución obxectiva da asistencia dos cidadáns a eventos culturais.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Mos presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte

#### MOCIÓN

1. Reconsiderar a subida do IVE para Bens e Servizos Culturais.
2. Establecer o tipo reducido do IVE para as actividades culturais.
3. Propor e defender no seo das institucións da UE, o establecemento dun IVE para a Cultura cun tipo máximo por baixo do 10%.”

O Sr. Parada expón a moción e sinala que se propuxo a inclusión dunha emenda por parte do

PP que non foi aceptada porque parece bendicir a política do partido popular afirma que o feito que España sexa o país onde máis se publica non implica que se converta no país no que máis se lee.

O Sr Soto Abadín sinala que non se pretende xustificar nada senón consensuar un texto e que non foi atendido.

Intervén a Sra. Alcalde para matizar as declaracións sobre o seguimento de instrución dadas por Santiago dicindo que o que non se pode facer é presentar mocións tipo que o que interesa é presentar mocións que afecten concretamente aos veciños de Mos e que se demostra que tódolos grupos están neste punto en igualdade de condicións

De seguido procedese a votación da moción quedando rexeitada co voto en contra do grupo municipal do PP (10) e o voto favorable dos grupos municipais do PSdeG.-P.SOE (5) e BNG (2)

#### **7.5 Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia, para que as axudas aos aeroportos galegos se fagan en condicións de igualdade.**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 10 de xullo de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

*“EXPOSICION DE MOTIVOS.* Unha vez máis o Grupo Municipal Socialista pon de manifesto e denuncia a sectaria e destrutiva política en contra da comarca de Vigo da que forma parte o Concello de Mos, impulsada polos que ostentan o poder en Galicia, e máis grave no caso aeroportuario porque contan coa complicidade das súas formacións políticas locais e a complicidade necesaria da Deputación de Pontevedra.

Segundo datos estatístico, neste ano a cifra de pasaxeiros de Peinador estará entre os 500.000 e 600.000 situando ao noso aeroporto en niveis de fai 15 anos. E para rematar, sabemos que a Cámara de Comercio de Santiago e sectores locais esixen á Xunta que considere a Lavacolla como aeroporto central de Galicia.

A axudas aos outros dous aeroportos por parte da Xunta de Galicia, e Alcaldías locais do Partido Popular nos últimos anos, foron de 24 millóns de euros para o aeroporto de Santiago, 4 millóns en 2013 para A Coruña e para Peinador, 0 euros..

Peinador sofre nestes momentos a súa pero caída en transporte de pasaxeiros, debido á inferioridade de condicións para competir tamén coa súa máis inmediata terminal, a de Oporto, que recibiu 12 millóns de euros do seu Goberno, axudas ilegais no territorio comunitario que o Sr. Rajoy debería reclamar en Bruxelas como goberno español afectado.

O Sr. Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia e o Sr. Rafael Louzán, presidente da Deputación de Pontevedra presumen destes convenios de patrocinio, e nunca especificaron datos nin cifras. Peinador é o único aeroporto no que non haberá ningún tipo de axuda este ano desde a Xunta nin da Deputación mentres potencian Alvedro e Lavacolla.

Unha mostra comparativa; para viaxar desde Santiago a Madrid o custo do billete é de 70,00 euros e desde Vigo 180,00 ou 320,00 euros segundo o día e hora. Onde mais patente é o agravio é que os traxectos fanse en avión de 68 prazas e a hélices, decisión de quitalos e levalos aos outros dous aeroportos, tomada pola Ministra Pastor e a viaxe dura case 2 horas.

É por isto, que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

Acordo:

- Instar á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a cesar esta política sistemática de agravios comparativos para cos concellos do sur de Galicia e implementar accións verdadeiras en axudas de igual magnitude que os outros dous aeroportos galegos.
- Ás formacións locais do Partido Popular esixímoslle cesar con esta política lesiva para os intereses dos concellos da comarca e defendela apoiando firmemente as iniciativas e esforzos que se están levando a cabo para evitar o declive e pechadura de Peinador. ”

Intervén o Sr. Parada Fernández procedendo a lectura dos acordos que se propoñen.

Intervén o Sr. Aldea Moscoso criticando ao alcalde de Vigo por su posición con respecto ao aeroporto de Peinador. Manifesta a necesidade de practicar unha política global nesta cuestión. Sinala que non se pode priorizar tres aeroportos que distan entre si 150 km.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa dicindo que o problema de Peinador, como sinalou o presidenta da Xunta, é Oporto. Coincide nun tratamento global dos aeroportos e recorda as manifestacións convocadas polo Alcalde de Vigo que salifica como circo.

O Sr. Parada Fernández manifesta que se precisa é unha postura coherente. Que o que non pode ser e que aquí exista unha posición con respecto as axudas e outra diferente en Santiago e a Coruña. Afirmar que hai que buscar unha solución global, e que esa solución non é precisamente pechar Peinador como sosteñen algúns membros do B.N.G.

Remata as intervencións o Sr. Soto Abadín dicindo compartir o discurso do B.N.G. e que non debe ser en ningún caso un tema de confrontación. Recorda que hasta o ano 2009 o P.S.OE. apoiou exclusivamente o aeroporto de Lavacolla

De seguido procedese a votación da moción quedando rexeitada co voto en contra do grupo municipal do PP (10) e o voto favorable dos grupos municipais do PSdeG.-P.SOE (5) e BNG (2)

#### **7.5.Moción do grupo municipal do B.N.G de apoio ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.**

Na comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 10 de xullo de 2013 ditaminouse favorablemente a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo

comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declarar as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

#### ACORDO

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a

1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.
- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.
- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.”

O St. Aldea Moscoso expón a moción.

De seguido intervén o sr. Soto para presentar unha emenda que procede a ler:

“O Pleno do Concello de Mos insta:

- Ao goberno do Estado para que, no marco das súas competencias e a través da AEAT, informe e asesore a todas as persoas beneficiarias de pensións recibidas no estranxeiro das súas obrigas tributarias.
- Á AEAT a reconsideración de todos os expediente sancionadores e, no seu caso, ao fraccionamento da débeda tributaria de beneficiarios galegos de pensións no estranxeiro que actuaron de boa fe por falta de información ou descoñecementos da normativa.”

O Sr. Parada Fernández e o Sr. Aldea Moscoso discrepan da redacción considerando mais conveniente substituír o termino reconsideración por o de anulación , sendo aceptada esta petición polo grupo do PP.

Polo que se procede a votación da inclusión da emenda resultando aprobado por unanimidade.

A continuación procedese a votación da moción coa emenda incluída, resultando aprobada por unanimidade dos membros da Corporación a seguinte proposta:

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.


2.- Instar á Xunta de Galiza a

1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.
2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:
  - Ao goberno do Estado para que, no marco das súas competencias e a través da AEAT, informe e asesore a todas as persoas beneficiarias de pensións recibidas no estranxeiro das súas obrigas tributarias.
  - Á AEAT a anulación de todos os expediente sancionadores e, no seu caso, ao fraccionamento da débeda tributaria de beneficiarios galegos de pensións no estranxeiro que actuaron de boa fe por falta de información ou descoñecementos da normativa.
  - A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.


3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.

Rematado o punto e non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dez horas catro minutos do dezaioito de xullo de dous mil trece, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.


A Alcaldesa  
Visto e prace



Nidia M. Arévalo Gómez



Secretario



Fernando Torre Comesaña